

## XIX AGOSTO EN CAMBRE

1. O "XIX Agosto en Cambre" celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP:15660 Cambre) o día 17 de Agosto de 2019.
2. Válido para o IV Circuito Intercomarcal de xadrez activo Deputación da Coruña
3. Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 10 minutos por xogador + 3 segundos por xogada.
4. O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez rápido.
5. O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 15:45 e rematará coa entrega de premios ás 21:30.
6. A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º bucholz brasileiro, 3º bucholz total e 4º APRO.
7. Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.
8. Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.
9. É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.
10. As inscricións son gratuítas e realizaranse antes do xoves 15 de agosto ás 21:00 mediante o email [escolaxadrezsigras@hotmail.com](mailto:escolaxadrezsigras@hotmail.com) ou o teléfono 618898535.
11. O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
12. Todo o non especificado nestas bases rexeráse polas normas e regulamento da FIDE.
13. Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).
14. A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.
15. Os premios (800 €) serán os seguintes:

1º clasificado	200 € + Trofeo	1º local	70 € + Trofeo
2º clasificado	100 € + Trofeo	2º local	40 € + Trofeo
3º clasificado	80 € + Trofeo	1º sub-18	50 € + Trofeo
4º clasificado	60 € + Trofeo	1º sub-16	Trofeo
5º clasificado	50 € + Trofeo	1º sub-14	Trofeo
1º FIDE<2000	50 € + Trofeo	1º sub-12	Trofeo
1º FIDE<1800	50 € + Trofeo	1º sub-10	Trofeo
1º FIDE<1600	50 € + Trofeo	1º sub-8	Trofeo